



Autonómicas 2016: Carta aberta ás formacións políticas

Galicia vivirá proximamente uns **novos comicios autonómicos**. Á vista diso, quixeramos chamar a atención das formacións políticas concorrentes no proceso electoral sobre a importancia de **incorporar nos seus programas** electorais reflexións e propostas en materia de **acción exterior**.

Coidamos que Galicia dispón de capacidades abondo para garantir unha presenza no mundo conforme coa nosa identidade e intereses pero precisamos de instrumentos e iniciativas que faciliten o seu pleno desenvolvemento. Nas semanas previas a estes comicios debería estar presente este **debate**.

Reivindicamos a importancia de que Galicia conte cunha acción exterior **ambiciosa**. A acción exterior non é un malgasto; pola contra, é unha necesidade para o noso progreso e benestar colectivo. Apelamos a evitar a frivolidade no tratamento da acción exterior, avogando por unha asunción responsable e construtiva desta política pública que, como as demais, debe estar pensada para satisfacer os intereses da maioría social.

Arelamos unha acción exterior entendida como un **espazo de encontro** das forzas políticas que garanta a súa continuidade en base á asunción dun catálogo mínimo de principios, estratexias e liñas de acción, e que potencie unha **cultura de cooperación** facilitadora das alianzas e as sinerxías.

Arelamos igualmente un modelo de xestión democrático e participativo que incorpore á sociedade galega no seu conxunto e a leve a contemplar o exterior como un **espazo natural de proxección**.

Arelamos unha acción exterior que renove ideas e conceptos e que teña en conta a Galicia na súa **globalidade**, mais aló do territorio e da diáspora, na nosa dimensión europea, nas posibilidades da nosa lingua e cultura, nas nosas universidades, nas nosas empresas e sectores produtivos, nas nosas entidades sociais en diversos campos.

Arelamos un esforzo racional de comprensión para asumir un **maior compromiso** cunha acción exterior centrada na defensa dos intereses de Galicia, que teña en conta e desenvolva as nosas singularidades, que explore as nosas posibilidades como ponte con diversas áreas xeopolíticas e xeo-lingüísticas.

Como nos demostran outras experiencias do noso entorno, **os retornos** dunha acción exterior implementada con rigor **son inapelables**. Ou aproveitamos o presente ou a ocasión pode malograrse. Cómpre recuperar impulso para situarnos en condicións máis favorables sendo leais con Galicia e a sociedade galega.